

Follas do Cineclub | 08/02/2017

TRACTORA COOP: TRABALLOS 2014/2016

Gold 20

(Gold 20, Ainara Elgoibar, País Vasco, 2015, 17', VO)

Pasaia bitartean

(Pasaia bitartean, Irati Gorostidi, País Vasco, 2015, 51', VOSE)

Lycisca [work in progress]

(Lycisca, Gerard Ortin, País Vasco, 2016, 43', VO)

Coa presenza de Ainara Elgoibar, Gerard Ortin, Vicente Vázquez e Usue Arrieta, membros de Tractora Coop.

02

[texto tirado da presentación das sesións "Factory Detour: Reassembling the Line" no Anthology Film Archive]

Dividimos os filmes en dúas seccións. A primeira sección, que demos en chamar 'Domingo de descanso', comprendería os últimos tres filmes de Vicente Vázquez e Usue Arrieta: *Goitik Beherea Behetik Gora* (Vázquez/Arrieta, 2012), *The Exhaust Note* (Vázquez/Arrieta, 2013) e *90° Doble Vertiente* (Vázquez/Arrieta, 2013). E o segundo programa, titulado 'Tractora Coop, Mostrras de traballo 2014/2016' presentaría tres filmes producidos por Tractora Coop, a cooperativa de artistas/cineastas fundada por Usue Arrieta, Vicente Vázquez, Marc Vives e Ainara Elgoibar en 2013 co obxectivo de crear unha estrutura e unha rede que axudara os artistas/cineastas na produción do seu traballo: *Gold 20* (Ainara Elgoibar, 2014), *Pasaia bitartean* (Irate Gorostidi, 2016), *Lycisca* (Gerard Ortin, 2016).

Todos os filmes presentados para estas dúas sesións reflexionan sobre a produción fabril de Euskal Herria: describindo os mundos do traballo a través da imaxe en movemento, propondo unha caste de continuidade, máis do que unha ruptura, entre as formas de traballo do século XX e as formas culturais e de ocio derivadas da descomposición daquelas.

A estrutura de Tractora Coop está baseada no modelo cooperativo usado polos camioneiros. Non é ningunha sorpresa que a súa estrutura estea baseada nunha organización obreira dado que todos os traballos producidos por Tractora profundan na análise dos mundos do traballo. Non tanto centrándose no que é o traballo como formulando preguntas sobre o traballo a través da arte e do cinema, ao tempo que cuestiona o cinema e a arte a través do traballo.

Todos estes filmes funcionan desde a descrición como unha forma sensíbel de análise, as cinéticas do traballo e a función do cinema e das artes. Esta vén sendo unha constante no traballo de Vázquez/Arrieta desde os seus primeiros filmes: *Oficios Preventivos*, *El Enemigo* e *Canedo*, un enfoque que estenderon ás persoas coas que colaboraron e dentro do contexto que xeraron con Tractora Coop. Estes dous programas constitúen un perfecto exemplo diso.

Gold 20

[Texto tirado da folia de sala de La Capella, dispoñíbel en http://lacapella.bcn.cat/sites/default/files/pdf/bcn-pr-13_fullsala_ainara_es_x-web.pdf]

Gold 20 é o proxecto co que Ainara Elgoibar gañou unha das dúas bolsas dentro da categoría de proxectos deslocalizados de BCN Producció 2013. Este ten como peza central un documental industrial sobre o proceso de produción do *Gold 20*, un tipo de vidro dourado, carente de ouro, que creou recentemente a factoría da Guardian Industries en Tudela

(Navarra), e que se utiliza principalmente en arquitectura de alta gama. O *Gold 20* preséntase como unha das diferentes opcións cromáticas dun determinado tipo de vidro. A cor, dourada, é ornamental.

O proxecto retoma a tradición artística do documental industrial, do que citaremos a modo de referencia o filme de Néstor Basterretxea en colaboración con Jorge Oteiza, *Operación H* (1963), e que tamén está conectado con gran variedade de traballos no contexto da arte contemporánea que exploran aquilo que hai por tras de distintos obxectos de consumo e os seus procesos, e que abrazan un certo fetichismo do proceso produtivo. Pero este proxecto vai un paso máis alá, ao documentar non só o proceso de produción deste cristal, senón tamén a experiencia que supón entrar nunha fábrica con equipos de audio e vídeo. O proxecto dá lugar a unha serie de materiais que se desprazan entre o contexto artístico e industrial, cumprindo diferentes funcións e re-significándose en cada momento.

O proceso de traballo comeza no ano 2011 a raíz da amizade de Elgoibar cun dos traballadores da empresa, e está marcado por varias fases: en primeiro lugar, un intercambio informal de ideas, seguido pola solicitude dunhas mostrras para poder ir traballando, probas que Elgoibar fotografa e que a empresa se interesa por incorporar no catálogo de imaxes que publica vía web (e, polo tanto, comercial) e en determinadas presentacións do produto a clientes potenciais. Esta colaboración, baseada no interese mutuo e o intercambio, fálanos do potencial, e o atractivo, do obxecto artístico alén do seu propio contexto, da posibilidade que este ten de representar (e crear) un valor.

Todo este proceso estivo marcado por unha relación cordial que, chegado o momento da rodaxe –cando tres persoas alleas á empresa entran na factoría con dúas cámaras e un equipo de audio–, cambia: a cámara personifica unha perigosidade ligada á imaxe. Esta é perigosa en canto ao contido, ao revelar o obxecto de interese, xa sexa dos rivais directos de mercado ou da exposición pública. A partir daí desenvólvese un diálogo en torno aos contidos, a que se pode mostrar e que non, na busca dun equilibrio entre os diferentes intereses que dan vida ao proxecto. Para Ainara Elgoibar sempre foi importante chegar a un acordo nos contidos, de xeito que se houbera algún material que, tras o visionado do resultado e polos motivos que fose, a empresa decidira que non se pode utilizar, manteríase no filme alterándoo de maneira que non se puidese ler pero cuxa ausencia fose recoñecíbel. Un xeito máis de visibilizar a relación entre o comercial e o artístico, entre os intereses formais e a realidade do mercado.

Pasaia bitartean
Carlota Moseguí

[Tirado de "Fantasmas de metal", en Otros Cines Europa: <http://europa.otroscines.com/fantasmas-de-metal/>]

Na súa ópera prima, Gorostidi retrata o concello de Pasaia como unha sorte de contedor sen fin, onde as lembranzas fican adheridas a unha arañeira invisíbel ao ollo humano.

De entrada, poderíamos considerar que *Pasaia Bitartean* se propón resucitar aquel pasado industrial do que gozaba a vila corenta anos atrás, ou polo menos rastrexar o que ficou del na actual paisaxe urbana de Pasaia. A memoria, dirá Gorostidi, pode ser invisíbel, pero non é indestruíbel. Planos longos, fixados sobre un trípode, e *travellings* que discorren a un ritmo pausado, simulando o paso lento dos anos, van descubrir os vestixios daquela actividade portuaria exultante, que comezou decaer a partir da década dos setenta.

TRACTORA COOP. TRABALLOS 2014/2016
TRACTORA COOP. / LA CAPELLA / CARLOTA MOSEGUÍ / QUIM PUJOL

Porén, a coidadosa selección de localizacións a cargo de Gorostidi non vai ser o noso único contacto coa era pasada (e gloriosa) do concello costeiro. Como formulara Carlos Balbuena na súa ópera prima, *Cenizas*, a directora vasca tamén invocará ese outro tempo a través dunha banda sonora que só os seus habitantes do presente saben apreciar. Así, se en *Cenizas* eramos testemuñas dos ruidos da industria mineira en vías de extinción nunha vila leonesa, o rumor de fondo de *Pasaia bitartean* van ser uns intermitentes golpes de martelo sobre metais, o renxer do ferrocarril sobre raís oxidados, ecos de serras, motores de buques xigantescos en movemento e, por último, concertos de bandas de *heavy* que, ao seu xeito, invocan e homenaxean a pantasma da metalurxia coas súas guitarras, baixos e baterías.

Como demostrara a grande obra de José Luis Guerín, *En construcción*, o cinema pode tamén resucitar pantasma, mesmo empregando os códigos da linguaxe documental. *Pasaia bitartean* propón unha posta en escena (similar á do director de *En la ciudad de Sylvia*) das coordenadas dun mapa que se atopan ancoradas (ou, mellor dito, suspendidas) entre dúas épocas. De feito, a palabra vasca "bitartean" tradúcese por "mentres" cando se refire a cuestións temporais, e por "entre" tratándose do espazo. Porén, o título da longametraxe non é unha idea orixinal da cineasta novel. Gorostidi escolleu o nome do proxecto urbanístico que o arquitecto Jonander Agirre Mikelez (tamén produtor da fita) presentou no 2013 para denunciar o abandono de certas zonas de Pasaia, así como para ofrecer tentativas de mellora. Neste sentido, Gorostidi non podía pechar a súa representación das dúas realidades temporais que conviven en Pasaia sen mencionar a compoñente máis humana que reside nelas: os soños e desexos de rexeneración daqueles que habitan o lugar.

Lycisca
Quim Pujol

[Tirado de "Lycisca", en <http://www.tea-tron.com/quimpujol/blog/2016/09/20/lycisca/>]

No seu novo traballo *Lycisca*, Ortín desfai unha vez máis o binomio natureza/cultura ao pór no centro do seu filme a cans e lobos. O can pertence ao ámbito doméstico e humano (o mellor amigo do home), mentres que o lobo representa no noso imaxinario a natureza ameazante capaz de nos asaltar no bosque ou de chamar á porta para derribar o noso fogar cun soprido. Naturalmente o chiste é que o can (*Canis lupus familiaris*) é unha especie que descende do lobo (*Canis lupus*). O can aparece como resultado de procesos de domesticación do lobo que se remontan ao neolítico e que coinciden co desenvolvemento da agricultura (a domesticación da terra). É dicir, non hai nin natureza nin cultura, senón que establecemos relacións cambiantes co que nos arrodea.

Pero ademais, neste filme Ortín incide nun aspecto que se cadra non resultaba tan claro en pezas anteriores, a pesar de que Vives xa o intuía no seu texto ao falar de trance, percepción, corpo e "outros mundos" ao respecto do traballo do artista. En efecto, en *Lycisca* o máxico maniféstase de

maneira nítida, e esta dimensión está estreitamente ligada ao corpo e ao sensorial.

Se a figura do lobo evoca en por si o mundo dos contos e da fábula, o máxico vese reforzado polo papel da cova de Pozalagua. A cova, que foi descuberta accidentalmente en 1957 durante a explotación dunha canteira contigua e se converteu nunha atracción turística, constitúe un elemento máis onde cultura e natureza están fundamentalmente entretecidas. Pero, sobre todo, a cova serve como metáfora do oculto que finalmente é revelado. [...]

Na nosa cultura, referímonos a esta capacidade de entrar en relación con elementos "naturais" ou "inanimados" co termo "animismo", un termo sobre o que resulta problemático falar porque está cargado de prexuízos etnocéntricos. [...] *Lycisca* emprega de certo xeito esta ferramenta para producir unha nova ordenación da realidade e, como toda reordenación, ten implicacións políticas.

En primeiro lugar, en *Lycisca* a "natureza" multiplica as súas facetas segundo o fenómeno humano co que entra en tensión. Daquela, a cova de Pozalagua comprendida en relación á explotación mineira solápase coa cova de Pozalagua en relación a certo conflito laboral e ao tempo coa cova en relación cun novo modelo económico. Deste xeito un mesmo lugar desdóbrase para nos ofrecer unha visión complexa da realidade. [...]

En segundo lugar, esta historización convidanos a pensar que tipo de relacións queremos establecer co "natural". [...] Ao despreparar un extenso catálogo de tipos de relación entre humanos e outros seres, Ortín contribúe a imaxinar un modelo no que diferentes elementos se encontran conectados entre si de distintos xeitos ao mesmo tempo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

FEB
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogspot.com
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela)
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 1 DE FEBREIRO

Clase de loita
(Clase de lutte, Grupo Medvedkine de Besançon, Francia, 1969, 40', VOSG)
Sochaux, 11 de xuño de 1968
(Sochaux, 11 juin 1968, Grupo Medvedkine de Sochaux, Francia, 1970, 19', VOSG)
Posto que vos dín que é posíbel
(Puisqu'on vous dit que c'est possible, Autoría colectiva, Francia, 1973, 47', VOSG)

MÉRCORES 8 DE FEBREIRO

TRACTORA COOP: TRABALLOS 2014/2016
Gold 20
(Gold 20, Ainara Elgoibar, País Vasco, 2015, 17', VO)
Pasaia bitartean
(Pasaia bitartean, Irati Gorostidi, País Vasco, 2015, 51', VOSE)

Lycisca [work in progress]

(Lycisca, Gerard Ortín, País Vasco, 2016, 43', VO)
Coa presenza de Ainara Elgoibar, Gerard Ortín, Vicente Vázquez e Usue Arrieta, membros de Tractora Coop.

MÉRCORES 15 DE FEBREIRO

Carruaxe a Viena
(Kocár do Vídne, Karel Kachyňa, Checoslovaquia, 1966, 78', VOSG)

MÉRCORES 22 DE FEBREIRO

Os saltadores
(Szegénylegények, Miklós Jancsó, Hungría, 1966, 90', VOSG)